

## **Modificacións da P. D. da materia de INICIACIÓN Á DIRECCIÓN**

---

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de INICIACIÓN Á DIRECCIÓN para o curso 2019-20:

- MODIFICACIÓN NO CURRÍCULO
  - OBXECTIVOS

Elimínase o seguinte obxectivo:

- Coñecer os criterios básicos a ter en conta na planificación e programación musical.

- CONTIDOS

Elimínanse os seguintes contidos:

- Técnicas de ensaio: planificación de estudio e ensaio, sistemas de ensaio.
- Repertorio e programación musical: repertorio básico por agrupacións, por estilos e por zonas e/ou países. Criterios básicos a ter en conta na programación musical.

- UNIDADES DIDÁCTICAS

Sofren modificacións as unidades didácticas 4 e 6.

- UD 4: Análise da partitura

Elimínanse todos os obxectivos salvo o seguinte: Amosar as pautas de planificación básicas a seguir no traballo dunha partitura dende o punto de vista do director. Os contidos redúcense ao seguinte: principios e pautas de planificación básicas do traballo do repertorio.

- UD 6: Repertorio e fundamentos da programación musical

Elimínanse toda esta unidade didáctica, planificada para o 3º trimestre.

- **MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- UD 4: Elimínanse os criterios: amosar certo dominio e soltura no análise básico de partituras, atendendo especialmente aos seguintes aspectos: compositor, estilo, contexto, estrutura formal, fraseo, agónica, sonoridade e instrumentación; e coñecer e valorar con certa capacidade crítica algúñas das mais usadas técnicas e sistemas de ensaio, así coma das súas características.
- UD 6: Elimínanse todos.

- **MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

- UD 4: Elimínase o mínimo: coñecer e valorar con certa capacidade crítica algúñas das mais usadas técnicas e sistemas de ensaio.
- UD 6: Elimínase o mínimo: realizar unha programación musical seguindo uns mínimos de calidade, e defendela axeitadamente amosando certo grao de coñecemento das características da mesma.

En todo caso, os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso, polo que as actividades realizadas no 3º trimestre poderán influir positivamente na cualificación do alumnado, nunca negativamente con respecto á do trimestre anterior.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións mais alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste

período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: correo electrónico, centrosnet, videochamada e aula virtual.

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións planificadas para o 3º trimestre debido á cancelación das mesmas.

- **MODIFICACIÓN DOS PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indícarase a ferramenta utilizada.

Elimínase a parte C. da proba, polo que o peso da parte A e B da mesma será do 50% da cualificación. En ningunha destas dúas partes do exame (A e B) se esixirá coñecemento de contidos non traballados nas distintas sesións de clase presencial (1º e 2º trimestre).